



***Criterios e méritos
para a valoración previa e asignación dos
complementos de recoñecemento á excelencia
curricular docente e investigadora***

*Comisión Galega de Informes, Avaliación,
Certificación e Acreditación
CGIACA*

2008

Este documento é propiedade dá ACSUG. Non esta permitida a reprodución total ou parcial, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, sen o permiso previo e por escrito dá ACSUG, a cal non poderá ser considerada responsable de eventuais erros ou omisións na edición do documento.

ESTRUTURA DOS COMPLEMENTOS

ESTRUTURA:

Distínguense dúas modalidades de valoración: a básica e a adicional.

Valoración básica: neste apartado teranse en conta única e exclusivamente os méritos e criterios que a seguir se indican:

- **Docencia:** quinquenios docentes recoñecidos polas universidades públicas. Cada quinquenio valorarase con 0,75 puntos.
- **Investigación:** sexenios de investigación recoñecidos pola Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora. Cada sexenio valorarase con 1 punto.
- Toda vez que a posesión de dous quinquenios de docencia e un sexenio de investigación son requisitos mínimos de presentación, exclúense da regra anterior, sendo valorados conxuntamente en 1 punto.

Valoración adicional: teranse en conta os méritos e condicións que a continuación se relacionan:

- Docencia: valoraranse os méritos relativos á formación, innovación e xestión docente, **tendo en conta a especificidade de cada campo científico e a docencia impartida**, de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA. A puntuación máxima que se poderá outorgar neste apartado será de 2,5 puntos. Limitase a seis o número de méritos que poderán presentar os solicitantes para este compoñente.
- Investigación e transferencia de coñecemento: valorarase a experiencia investigadora, a mobilidade, a transferencia e a divulgación de coñecemento, tendo en conta a especificidade de cada campo científico e de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA. A puntuación máxima que se poderá outorgar neste apartado será de 2.5 puntos. Limitase a seis o número de méritos que poderán presentar os solicitantes para este compoñente, dos cales non poderán presentar máis de catro no apartado de investigación nin máis de catro no de transferencia e de divulgación de coñecemento.

Para a valoración dos méritos terase en conta especificamente a calidade das achegas. A valoración final será o resultado da suma das valoracións básicas e adicionais.

MÉRITOS ALEGABLES

Os méritos que se valoran, de entre os aprobados pola CGIACA e publicados como anexo na correspondente convocatoria, estarán comprendidos no período 2003-2007.

Entenderase que un mérito está encadrado no período 2003-2007 cando o seu desenvolvemento coincidir, polo menos en parte, co devandito período.

Con carácter excepcional, as persoas solicitantes que durante o devandito período gozasen de permisos de baixa maternal ou paternal, poderán incorporar méritos realizados ao longo dun intervalo temporal idéntico ao de duración da baixa e inmediatamente antes do inicio do período de avaliación da presente convocatoria. Neste caso, será necesario incorporar xustificación do desfrute do devandito permiso.

Para a convocatoria 2008, os méritos alegables son os que se recollen como Anexo ao presente documento.

VALORACIÓN DOS MÉRITOS

Canto á avaliación ou valoración dos méritos débense ter en conta os seguintes puntos:

1. Non será precisa a presentación do número máximo de méritos (12) para poder ser valorado.
2. A valoración realizarase tendo en conta especificamente a calidade das achegas e a súa relación coa traxectoria global do profesor ou profesora recollida no seu currículo. Para estes efectos, a puntuación global final será o resultado de aplicar, á puntuación resultante da valoración dos concretos méritos achegados, un factor de corrección en atención á súa traxectoria curricular. Este factor de corrección, que poderá aplicarse tanto á alza coma á baixa, non poderá exceder do 20% da puntuación máxima.
3. Como criterios aplicables á valoración das achegas, establécense unhas porcentaxes máximas para cada grupo de méritos, de forma que se consiga o equilibrio entre os distintos tipos de achegas, e por tanto, o equilibrio da actividade docente e investigadora. As devanditas porcentaxes son as que figuran nos Anexos acompañados a este documento.
4. Tendo como base o Estatuto de Autonomía de Galicia, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e os Estatutos das Universidades, e considerando o interese que para o Sistema Universitario de Galicia ten a realización das actividades encamiñadas á potenciación do uso do galego nos distintos campos, incorpóranse apartados específicos que permiten valorar estas actividades. Para estes efectos, cando algún dos seis méritos achegados se incluír nesta categoría, poderán superarse os valores máximos establecidos, se é o caso, para ese tipo de **ítems**. No entanto, a valoración destes méritos efectuarase cos mesmos indicios de calidade intrínseca do mérito e non polo feito exclusivo da utilización da lingua galega.

COMITÉS DE ASESORES EXTERNOS

A *Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación* (CGIACA), será o órgano encargado de emitir a proposta de valoración do complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora.

Para a realización da devandita función, e con carácter previo á emisión da proposta, contará con comités de asesores expertos.

Haberá 5 comités (Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde, Ensinanzas Técnicas e Humanidades) que se farán coincidir cos 5 grandes campos científicos nos cales se recollen todas as áreas de coñecemento.

Non obstante o sinalado, atendendo ao número de solicitudes que poideren presentarse con relación ás distintas áreas de coñecemento, poderán subdividirse os campos científicos.

Para formar parte dos comités, serán requisitos imprescindibles: ser profesor/a de universidade, ter consolidados, **como mínimo**, tres compoñentes por méritos docentes (quinquenios de docencia) e tres tramos de complemento de produtividade (sexenios de investigación), e non pertencer ao sistema universitario de Galicia (este último requisito non se aplica aos presidentes dos comités).

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Para participaren no procedemento para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais, as persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

1. Modelo normalizado de instancia (Anexo III) -cubrirase en formato dixital na aplicación informática.
2. Fotocopia de documento acreditativo da identidade do solicitante (DNI ou equivalente).
3. Relación de méritos presentados (Anexo IV) -cubrirase o modelo normalizado dispoñible en formato dixital na aplicación informática. (A non presentación deste anexo implicará que a solicitude se limita á valoración básica).
4. Documentación acreditativa dos méritos curriculares presentados.
5. *Currículo vitae* completo.

A ACSUG revisará as solicitudes presentadas e que estas reúnen os requisitos precisos **para seren admitidas a trámite**. No caso contrario, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos. De acordo co exposto, os requirimentos efectuados pola ACSUG consistirán, única e exclusivamente, en:

- a) Petición de reenvío da solicitude e/ou a relación de méritos correctamente cuberta. Isto será naqueles casos en que ambos os anexos fosen presentados mais se omitisen datos ou estes se fixesen constar incorrectamente (Ex. falta nome completo, dirección, sinatura...).
- b) Petición de achega dos seguintes documentos:
 - b1) DNI ou documento equivalente.
 - b2) *Currículum vitae* (sempre e cando se presentase o anexo correspondente á relación de méritos).

En ningún caso se requirirá a presentación da relación de méritos (dado que non é un requisito preceptivo, ao ser posible a solicitude referida exclusivamente á valoración básica) nin a acreditación e xustificación dos méritos presentados (a presentación da cal é obriga exclusiva do solicitante e a súa omisión afectará á resolución de fondo, mais non á admisión a trámite da solicitude).

XUSTIFICACIÓN DE MÉRITOS

A) MÉRITOS PARA VALORACIÓN BÁSICA

Non será preciso presentar xustificación destes méritos, quinquenios e sexenios, xa que a ACSUG solicitará directamente ás respectivas Universidades a súa certificación.

B) MÉRITOS PARA VALORACIÓN ADICIONAL (máximo 6 méritos)

A acreditación dos méritos correspondentes á valoración adicional, así como a achega dos elementos que permitiren avaliar os indicios de calidade daqueles, **será responsabilidade única e exclusiva do solicitante**. Será suficiente, para tal efecto, a presentación de copia simple. En ningún caso se requirirá por parte da ACSUG a presentación desta documentación. O momento de presentación da devandita documentación será xunto coa solicitude e/ou dentro do prazo aberto para a presentación das instancias. Finalizado o devandito prazo, as avaliacións realizaranse con base na documentación acreditativa dos méritos achegados até ese momento.

Cando os méritos alegados poidan ser certificados por algunha das universidades galegas, a xustificación non ten que ser necesariamente a través dunha certificación oficial. En caso de que a certificación dos méritos corresponder a outras universidades ou institucións, a xustificación deberá facerse a través de certificación oficial.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a ACSUG poderá comprobar os datos alegados, así como aqueles datos académicos e de investigación relevantes para a avaliación, solicitando información para tal efecto ás distintas institucións implicadas. Do mesmo modo, a ACSUG poderá requirir dos solicitantes as aclaracións e concrecións que considerar oportunas en relación aos méritos alegados.

Actividade Docente:

1. Creación de materiais docentes para a docencia universitaria: *libros, capítulos de libros, separatas, artigos, traducións, software e outros materiais para a docencia.*

Méritos incluídos: Teranse en conta neste apartado os libros de texto, manuais universitarios e os materiais **elaborados especificamente para a docencia** (preferentemente de grao e posgrao), diferenciándose claramente dos materiais

correspondentes a investigación e divulgación científica, que non se terán en conta neste apartado.

Xustificación: A acreditación da posesión dos devanditos méritos realizarase mediante a achega documental que se sinala:

- **Libros, capítulos, traducións:** copia da portada e título, autores, créditos do libro (editorial, ISBN, depósito legal,...) e índice. No caso dos capítulos, engadirase unha copia da primeira páxina do capítulo. No caso das traducións copia da folla en que figurar o responsable da tradución.

- **Separatas, artigos:** copia da primeira e última páxina do artigo, así como copias do índice do número ou volume e da folla onde figurar o comité de redacción e o ISSN da revista.

- **Sóftware:** impresión do índice e créditos do material electrónico.

Indicios de calidade: Terase en conta para a valoración dos materiais docentes que se convertesen en obras de referencia imprescindibles para os estudos de grao e posgrao, a editorial que os publica, a existencia dun proceso de selección rigoroso por parte da entidade editora, a opinión que merecen en recensións e citas autorizadas e, con carácter adicional, os datos relativos á súa difusión a través da presenza en repertorios bibliográficos especializados ou catálogos de bibliotecas universitarias. Indicarase expresamente a actividade docente a que está dirixida e na que se utiliza o material salientado.

2. Coordinación da actividade docente xeral:

a) *Coordinación de curso.*

b) *Coordinación de titulación.*

c) *Coordinación de programas de doutoramento.*

Méritos incluídos: A coordinación da docencia que poderá incluírse neste apartado, refírese a: docencia de 1º e 2º ciclo, coordinación de programas de doutoramento ínteruniversitarios e/ou con mención de calidade e/ou programas oficiais de posgrao. A coordinación de curso refírese á coordinación das distintas materias dun curso completo dunha titulación oficial e por acordo da Xunta de Facultade, de Centro ou, polo menos, do equipo directivo.

A coordinación doutras actividades docentes como son Títulos propios, másteres ou posgraos non oficiais terán necesariamente menor valoración.

Xustificación: Certificación do centro correspondente en que figuren as funcións desempeñadas, alcance da coordinación, período en que efectuou esta e que o seu desempeño non é consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico. É preciso achegar certificación oficial do centro.

Indicios de calidade: Terase en conta, como indicadores para a valoración da actividade realizada polo solicitante, o nivel a que se realiza a coordinación e o número de materias e grupos que están afectados pola coordinación. No caso dos programas de doutoramento teranse en conta os programas ínteruniversitarios ou con mención de calidade, así como o número de doutores ou DEA que se obtiveron nos devanditos programas.

3. - Participación en actividades de formación:

3.1. Actividades de formación docente

a) *Dirección de cursos de formación docente de, polo menos, 20 horas.*

b) *Impartición de cursos de formación docente.*

c) *Asistencia a cursos de formación docente.*

3.2. Actividades de formación investigadora

a) *Teses doutorais dirixidas*

b) *Impartición de cursos de formación de investigadores.*

Méritos incluídos: As actividades de formación que se avalían neste apartado correspóndense a cursos específicos de formación e innovación docente e á formación de novos investigadores. Terase en conta a especificidade da área a que pertence o solicitante. No apartado 3.c avalíanse a impartición de "Workshops", seminarios e xornadas específicas de formación de novos investigadores. Non se terá en conta a participación en cursos e seminarios de máster, posgraos e programas de doutoramento ou de terceiro ciclo. Tampouco se terán en conta seminarios e cursos de divulgación científica, que se valoran noutros apartados.

Lembrar que cada tese doutoral dirixida constitúe un mérito. Valoraranse neste apartado as teses dirixidas, das que a súa defensa pública efectuárase no período avaliado. Exclúense, polo tanto, as teses en realización ou pendentes de lectura. No caso de incluír as teses neste apartado, non poderán incluírse no respectivo apartado dos méritos de investigación.

Xustificación: 3.1. a) Copia do programa oficial do curso en que conste a dirección e organismo organizador deste e o número total de horas impartidas no curso, así como nomeamento ou documento oficial da sinatura de contrato.

b) Copia do diploma da universidade ou, cando non sexa unha universidade do S.U.G., certificado do organismo responsable da organización do curso en que figuren as horas docentes impartidas polo/a profesor/a.

d) Copia do diploma de asistencia en que conste o número de horas.

3.2 a) Documento en que se inclúa o título, índice, director/a da tese, mención de doutoramento europeo (no seu caso), data da lectura e cualificación. No caso de se tratar de teses dirixidas nunha universidade non pertencente ao S.U.G, debe achegarse, ademais, certificado oficial da devandita universidade en que conste o doutoramento e o director/a da tese.

b) Copia do programa oficial do "Workshop", seminario ou xornada en que conste organismo organizador deste e o número total de horas impartidas.

Indicios de calidade: Terase en conta para a valoración das actividades de formación o tipo de curso, a súa duración, a relación coa actividade desempeñada e o seu reflexo efectivo na mellora da actividade docente. Terase en conta para a valoración das actividades desenvolvidas no "Workshop", seminario ou xornada de formación o tipo de curso, a súa duración, a relación coa actividade desempeñada pola persoa solicitante, as horas impartidas e o seu reflexo na mellora da formación

Para a valoración das teses, terase en conta a cualificación, dirección ou codirección, doutoramento europeo, incluída en programas de doutoramento con mención de calidade, programas de doutoramento íteruniversitarios etc.

4. - Actividades en Prácticas Externas e Mobilidade:

4.1. - Coordinación e titorización de programas de prácticas en empresas e institucións (regulados mediante convenios ou certificación de órgano colexiado académico).

Méritos incluídos: Inclúese neste apartado a realización de actividades de coordinación de programas e a titorización do alumnado que participa en prácticas externas.

Xustificación: Copia do convenio ou certificación do órgano colexiado académico; copia do nomeamento oficial, no seu caso; Certificado do centro en que conste que o seu desempeño non é consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

Indicios de calidade: Terase en conta para a valoración destas actividades a súa relación e interese para a titulación, a existencia dun programa estable de prácticas e o número de alumnado titorizado.

4.2. - *Coordinación e titorización de proxectos de intercambio de estudantes: ERASMUS, ERASMUS MUNDOS, etc.*

Méritos incluídos: Inclúese neste apartado a realización de actividades de coordinación de programas e a titorización do alumnado que participa en programas de mobilidade de alumnos/as.

Xustificación: Copia do nomeamento oficial, no seu caso, e certificado do centro en que conste que o desempeño non é consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

Indicios de calidade: Terase en conta o programa de mobilidade, a actividade desempeñada, o número de institucións implicadas e o número de alumnado titorizado.

4.3. - *Participación dos docentes en programas de intercambio internacionais e/ou íteruniversitarios.*

Méritos incluídos: Só se inclúe neste apartado a participación en programas de mobilidade docente. Non se considerarán as estadías para investigación aínda que se realicen en institucións docentes.

Xustificación: Copia da concesión da axuda da estadía pola entidade financiadora en que se especifique destino e duración, así como copia da carta ou certificado do centro receptor en que se constate a estadía, período temporal e actividades desenvolvidas.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a institución responsable do programa de mobilidade, a duración e as actividades docentes desenvolvidas.

5. - Participación en actividades de innovación docente:

5.1- *Proxectos subvencionados de innovación docente.*

Méritos incluídos: Consideraranse os proxectos de convocatorias públicas específicas para innovación docente e que non correspondan a convocatorias xerais de áreas relacionadas coa educación, pedagogía e demais áreas específicas da persoa solicitante.

Xustificación: Copia do documento oficial de concesión ou contrato en que conste, polo menos: participantes, ámbito, institución que o concede, asignación económica, data de concesión e período de desenvolvemento.

5.2. - *Elaboración de guías docentes.*

Méritos incluídos: Enténdese por guía docente da materia un documento público, en papel, dixital ou web, que é utilizado na docencia que se imparte e que debe conter obxectivos, programa, sistemas de avaliación, actividades a desenvolver, planificación etc.; e que debería ser realizada e aprobada de acordo coas directrices de cada universidade.

Xustificación: Copia do certificado do centro ou departamento acreditativo de que a guía docente foi elaborada de acordo coas directivas da universidade e da/s materia/s, curso e titulación en que é utilizada.

5.3. - *Utilización de plataformas virtuais.*

Méritos incluídos: Inclúense todas as plataformas utilizadas para docencia nas distintas universidades. Tamén se terán en conta outras plataformas de teleformación que

puideren utilizarse en distintos tipos de docencia. Incluíranse tamén páxinas web persoais, de departamentos, centros ou outras institucións, sempre e cando se utilizaren para docencia.

Xustificación: Referencia explícita da web. Debe terse en conta que, nalgúns casos, as plataformas son pechadas e con acceso restrinxido o que impide a súa consulta; nese caso enviarase impresión - copia dos contidos da web. En caso de que a plataforma virtual non corresponda á das universidades do S.U.G., certificación do responsable da plataforma en que conste o responsable da creación e mantemento dos contidos da plataforma.

5.4. - *Participación en proxectos docentes de implantación de ECTS.*

Méritos incluídos: Inclúense os proxectos de implantación de ECTS, contratos programa ou outras actividades desenvolvidas polas universidades para realizar proxectos de adaptación aos novos créditos ECTS.

Xustificación: Copia do documento oficial de concesión ou contrato en que conste, polo menos: participantes, ámbito, asignación económica, institución responsable do proxecto, data de concesión e período de desenvolvemento. En caso de que eses proxectos dean lugar a unha publicación, poderase xustificar coa recensión dela xustificada de igual xeito que no apartado de materiais didácticos.

5.5. - *Participación en programas piloto de implantación de EEES.*

Méritos incluídos: Considerarase aquí a participación en programas de implantación de EEES, planos piloto de ACSUG ou outra institución, participación na redacción de libros brancos das titulacións etc., que teñan como finalidade a adaptación das ensinanzas ao EEES. Non se incluírán experiencias individuais que non estean encadradas en actividades coordinadas con outros/as profesores/as e baixo a supervisión dun centro, universidade ou outra institución.

Xustificación: Copia do nomeamento oficial, no seu caso, ou xustificante de participación e copia do programa oficial. En caso de que eses proxectos deren lugar a unha publicación, poderase xustificar coa súa recensión, de igual xeito que no apartado de materiais didácticos.

5.6 *Participación en comités de autoavaliación, comités externos de avaliación, comisións de normalización lingüística, comisiones de avaliación do profesorado e outras de importancia docente.*

Méritos incluídos: Incluíranse neste apartado a participación en comités de autoavaliación de titulacións, comisións de calidade de titulacións, comisións de normalización lingüística, comités externos de avaliación, comités de avaliación de distintas axencias de avaliación, comités de acreditación de profesorado en distintas axencias, comités asesores de axencias etc. Poderanse considerar, aínda que a menor nivel, a participación en comisións académicas de facultades, comisións de doutoramento etc., sempre que esa participación non for consecuencia do desempeño dun determinado cargo. En ningún caso se considerará a participación en órganos de representación como Xuntas de Facultade, Xuntas de Goberno, Claustro etc. Non se incluírá a participación en tribunais de selección de profesorado de habilitación ou similares.

Xustificación: No caso de participación en comités externos ás universidades, certificado ou documento oficial de participación activa emitido pola institución responsable (axencia de calidade ou outra institución responsable da avaliación, comisión...). Nas comisións dependentes das reitorías, documento xustificativo da participación. Nas comisións de centro, certificado deste en que conste a participación así como que o seu desempeño non é consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

Indicios de calidade: En todas as actividades de innovación docente terase en conta a institución responsable da actividade, o nivel, función e tipo de participación do solicitante, o tempo de desempeño da función e a relevancia das actividades desempeñadas na mellora e innovación da docencia e a súa importancia para a institución da persoa solicitante.

6. Outras actividades relacionadas coa docencia universitaria:

6.1. - Premios e distincións relacionados coa actividade docente.

Méritos incluídos: Consideraranse premios e distincións relacionados coas actividades docentes.

Xustificación: Copia da concesión do premio e documento en que conste a descrición do organismo que concede o premio: tipo de organismo, ámbito de actuación, composición do comité de dirección e de concesión do premio etc.

Indicios de calidade: Terase en conta a relación do premio coas actividades docentes desempeñadas polo solicitante, a relevancia da institución que concede o premio, o sistema de selección dos premiados, a composición internacional ou nacional do xurado de selección.

6.2. - Convites a participar en actividades docentes.

Méritos incluídos: Inclúiranse neste apartado a participación, por exemplo, como profesor/a visitante en labores docentes noutras institucións ou actividades similares. Sempre será necesario demostrar: o convite, a súa realización en institucións de educación superior e para actividades docentes. A realización de estadias docentes noutras institucións diferentes ás do solicitante deberá valorarse en programas de mobilidade e coa puntuación correspondente.

Xustificación: Copia da carta de convite, actividades a desempeñar e organismo que realiza o convite.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a institución que realiza o convite, e o tipo e duración da actividade docente desenvolvida.

6.3. - Redes docentes.

Xustificación: Copia do documento oficial de concesión ou contrato en que conste, polo menos: participantes, ámbito, actividades a desenvolver, institución que o concede, asignación económica, data de concesión e período de desenvolvemento.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a institución que financia a rede, número de institucións implicadas, función (coordinador, participante etc.) do/a solicitante na rede e actividades desempeñadas.

6.4. - Actividades de divulgación docente

Méritos incluídos: Inclúiranse actividades que tratan de divulgar as actividades docentes e/ou a oferta formativa das institucións de educación superior do SUG á sociedade. Inclúiranse xornadas, conferencias, exposicións etc. de divulgación da actividade docente.

Xustificación: Copia do programa en que figuren os obxectivos, entidade organizadora, duración, participación e función da persoa solicitante.

Indicios de calidade: Terase en conta o impacto da actividade divulgativa, os destinatarios, e a duración e relevancia da actividade da persoa solicitante

6.5) Outras actividades

Méritos incluídos: Incluíranse as actividades que non se poden encadrar noutras epígrafes.

Xustificación: Copia do documento oficial en que conste, polo menos: tipo de actividade, participantes, ámbito, actividades a desenvolver e institución en que se realiza.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a importancia da actividade para a mellora da actividade docente. Cando neste apartado se inclúen méritos similares aos incluídos nalgúns dos apartados anteriores e non directamente relacionados coa actividade docente, terán necesariamente unha redución na súa valoración.

7. Actividades que fomentan o uso do galego na docencia universitaria

Méritos incluídos: Consideraranse neste apartado os méritos e actividades que se realizan e que fomentan a utilización do galego na docencia. Poderanse incluír calquera dos méritos anteriores sempre que se efectuaren en lingua galega ou tiveren como finalidade a potenciación dos seus usos na docencia. Inclúense entre outros méritos a elaboración de materiais para a docencia en lingua galega, a elaboración de traballos terminolóxicos en que figure a lingua galega, a dirección e participación en cursos non regulados en lingua galega, asistencia a cursos de formación para a aplicación da lingua galega no ámbito universitario etc. Excluíranse destas valoracións as achegas na área de Filoloxía Galega que forman parte do normal desenvolvemento da actividade docente e investigadora desta área

Xustificación: Xustificaranse de igual xeito que os méritos similares incluídos nos apartados anteriores.

Indicios de calidade: Utilizaranse os mesmos indicios de calidade que nos apartados similares anteriores. Valorarase a calidade intrínseca do mérito.

8. - Valoración da actividade docente universitaria: opinión do estudiantado a respecto da docencia impartida polo profesorado.

Méritos incluídos: Teranse en conta neste apartado os valores obtidos nos procesos de avaliación da satisfacción do alumnado da docencia obtida. Utilizaranse para iso os valores obtidos nos ítems das enquisas que supoñen valoracións globais da actividade do/a profesor/a.

Xustificación: Enquisas do alumnado. Neste caso, todas as avaliacións realizadas correspondentes aos anos 2003 a 2007, constituirán un só ítem. Só haberá que cubrir os correspondentes datos solicitados pola aplicación, non sendo necesaria a achega de documentos. No caso de que a universidade achegar na súa avaliación a media do/a profesor/a por curso académico, incluírase un só dato por curso; no caso contrario, incluíranse os datos de todas e cada unha das materias impartidas. No caso de que dalgún ano non se dispuxer de datos ou estes non foren significativos por baixo nivel de respostas, indicárase como observación. A comprobación dos datos será solicitada pola Axencia directamente ás reitorías correspondentes. No caso de que algún período avaliado corresponder ao desempeño da actividade docente nunha universidade externa ao S.U.G., deberá achegarse certificación da universidade correspondente en que consten os resultados presentados.

Indicios de calidade: Terase en conta a valoración do solicitante a respecto da media da titulación e da universidade. A puntuación máxima só se alcanzará cando en todos os cursos e materias avaliados a media do solicitante for superior á da titulación e da universidade. En caso de que algún ano ou materia non se produza, modularanse os resultados. En ningún caso se dará puntuación cando os valores obtidos polo/a profesor/a foren inferiores á media da universidade nun número significativo de cursos avaliados.

Actividade investigadora e de transferencia de coñecemento (máximo 6 méritos, dos cales non poderán presentar máis de catro no apartado de investigación nin máis de catro no de transferencia e de divulgación de coñecemento).

1. - Actividade investigadora (máximo 4 méritos).

1.1. - Teses doutorais dirixidas

Méritos incluídos: Cada tese doutoral dirixida constitúe un mérito. Valoraranse neste apartado as teses dirixidas, a defensa pública das cales se efectuase no período avaliado. Exclúense, por tanto, as teses en realización ou pendentes de lectura.

Xustificación: Documento en que se inclúa o título, índice, director/a da tese, mención de doutoramento europeo (no seu caso), data da lectura e cualificación. No caso de se tratar de teses dirixidas nunha universidade non pertencente ao S.U.G, debe achegarse, ademais, certificado oficial da devandita universidade en que conste o doutoramento e o director/a da tese.

Indicios de calidade: Terase en conta a cualificación, dirección ou codirección, doutoramento europeo, incluída en programas de doutoramento con mención de calidade, programas de doutoramento íteruniversitarios etc.

1.2. - Proxectos e Convenios con empresas-institucións.

- a) Dirección/Participación en proxectos competitivos de ámbito internacional.*
- b) Coordinador Partner.*
- c) Dirección/Participación en proxectos competitivos de ámbito estatal.*
- d) Dirección/Participación en convenios de ámbito internacional.*
- e) Dirección/Participación en convenios de ámbito estatal ou autonómico.*
- f) Dirección/Participación en proxectos autonómicos.*

Méritos incluídos: Teranse en conta os proxectos competitivos das distintas convocatorias públicas. Dentro dos convenios teranse en conta os asinados con institucións para o desenvolvemento de proxectos de investigación que non teñen como finalidade a transferencia tecnolóxica.

Xustificación: Copia do documento oficial de concesión, sinatura do convenio, en que conste, polo menos: investigador/a responsable, participantes, ámbito, institución que o concede, asignación económica, data de concesión e período de vixencia.

Indicios de calidade: Diferenciaranse as distintas funcións desempeñadas nos proxectos: coordinador, líder, "partner", asociado, participante etc. No apartado e) terase en conta se os proxectos son sectoriais ou non. Os do Plan Xeral (Ref. PX) serán considerados excepcionalmente, como é o caso de proxectos para a formación de novos grupos. Os

incentivos para a elaboración de propostas de proxectos europeos e complementación de proxectos nacionais e europeos non se considerarán en ningún caso.

1.3. -Congresos: impartición de conferencias plenarias por convite.

Méritos incluídos: Avaliaranse unicamente as conferencias plenarias de congresos internacionais organizados por sociedades científicas ou organismos internacionais, simposios ou mesas redondas, sempre por convite. Non se considerará en ningún caso a participación en congresos, xornadas etc. locais, rexionais ou que se desenvolvan no mesmo lugar, e/ou pola institución á que pertence o/a solicitante.

Xustificación: Copia da carta de convite e/ou copia do programa do congreso en que conste: institución responsable da organización, comité organizador, lugar, data da celebración, título e relator da conferencia.

Indicios de calidade: Terase en conta a institución que organiza o congreso, a composición do seu comité organizador, o tipo de conferencia plenaria: inaugural, clausura etc., relevancia no congreso da mesa redonda ou do simposio etc.

1.4. -Organización da investigación:

a) Organización de eventos científicos e culturais de relevancia internacional (O comité organizador será unha institución internacional ou de composición internacional)

Méritos incluídos: Unicamente se terá en conta a participación en comités organizadores ou comités científicos de congresos organizados por sociedades científicas internacionais ou que entre os seus membros se acharen científicos ou profesionais internacionais.

Xustificación: Copia do nomeamento oficial da Presidencia e/ou copia do programa oficial do evento en que conste: institución responsable da organización, comité organizador, lugar, data da celebración.

Indicios de calidade: Terase en conta a institución que organiza o congreso, a composición do seu comité organizador, o tipo de participación e funcións desempeñadas polo/a solicitante.

b) Pertenza a comités científicos internacionais.

Méritos incluídos: Teranse en conta unicamente os comités científicos de ámbito internacional.

Xustificación: Copia do nomeamento oficial pola Presidencia, natureza, composición e funcións do comité.

Indicios de calidade: Terase en conta o tipo de comité, as súas funcións, ámbito de actuación, compoñentes e o tipo de participación e funcións desempeñadas neste polo/a solicitante.

c) Editor/a ou membro de comités de redacción de revistas de ámbito internacional.

Méritos incluídos: Considerarase unha revista de ámbito internacional a que figuren en índices de bases de datos internacionais (ISI, SCOPUS ou similares). No caso contrario

terase en conta unicamente cando no comité de redacción participaren representantes de polo menos tres países.

Xustificación: Documento oficial da editorial en que consten expresamente os períodos en que participou como editor ou membro do comité de redacción. Non se incluírá neste apartado a participación como avaliador/a dos artigos publicados polas revistas.

Indicios de calidade: Deberán presentarse evidencias da presenza en bases de datos internacionais, índices, factores de impacto etc. Teranse en conta os indicadores de impacto da revista, bases de datos en que se atopar indexada, composición do comité de redacción, editorial, función do/a solicitante no comité.

d) Editor/a ou membro de comités de redacción de revistas de ámbito nacional con difusión internacional.

Méritos incluídos: Para ser considerada terá que se constatar necesariamente que a revista está presente nalgunha base de datos, dispón dalgún índice de difusión xeral ou específico do seu ámbito ou é considerada de recoñecido prestixio por especialistas do ámbito científica correspondente.

Xustificación: Documento oficial da editorial en que consten expresamente os períodos en que participou como editor ou membro do comité de redacción. Non se incluírá neste apartado a participación como avaliador/a dos artigos publicados polas revistas.

Indicios de calidade: Deberán presentarse evidencias de que o ámbito de difusión da revista é internacional (presenza en bases de datos internacionais, índices, factores de impacto etc.). Terase en conta a función do/a solicitante no comité e os indicadores de impacto da revista (se existiren), as bases de datos internacionais en que se achar indexada, composición do comité de redacción, editorial, difusión, periodicidade, tempo de publicación etc.

e) Organización/Dirección de expedicións científicas, escavacións arqueolóxicas relevantes, exposicións etc.

Méritos incluídos: Consideraranse a organización de expedicións científicas e escavacións arqueolóxicas realizadas necesariamente coa participación e financiamento de institucións ou empresas. As exposicións deben ser realizadas en e coa colaboración de institucións de relevancia nacional ou internacional

Xustificación: Copia do certificado oficial da institución responsable da expedición; permiso oficial da actividade arqueolóxica, contrato de colaboración etc.

Indicios de calidade: Teranse en conta as funcións desempeñadas e a relevancia da actividade, institucións participantes e a súa relación co labor investigadora do/a solicitante.

f) Dirección/Participación en redes temáticas financiadas.

Méritos incluídos: Consideraranse neste apartado as redes temáticas establecidas co fin de coordinar grupos de investigación e que se atopen enmarcadas nalgunha das convocatorias competitivas para a constitución e desenvolvemento de redes de investigación.

Xustificación: Copia do documento oficial de concesión ou contrato en que conste, polo menos: investigador/a responsable, participantes, ámbito, actividades a desenvolver, institución que o concede, asignación económica, data de concesión e período de desenvolvemento.

Indicios de calidade: Teranse en conta a entidade financiadora, alcance e ámbito de actuación da rede e a función desempeñada polo/a solicitante na rede: coordinador/a, responsable de área, zona xeográfica ou participante.

g) Premios e distincións relacionados coa actividade investigadora.

Xustificación: Copia da concesión do premio e documento que conteña a descrición do organismo que concede o premio en que figure: tipo de organismo, ámbito de actuación, composición do comité de dirección e de concesión do premio, actividades que resultan premiadas.

Indicios de calidade: Terase en conta a relación do premio coas actividades investigadoras desempeñadas polo solicitante, a relevancia da institución que concede o premio, o sistema de selección dos premiados, a composición internacional ou nacional do xurado de selección. Distincións académicas ou profesionais poderán terse en conta no apartado i).

i) Outros méritos de investigación

Méritos incluídos: Inclúiranse as actividades de investigación que non se puideren encadrar noutras epígrafes.

Xustificación: Copia do documento oficial en que conste, polo menos: tipo de actividade, participantes, actividades a desenvolver e institucións en que se realiza.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a importancia da actividade relacionada coa actividade científica do/a solicitante. Cando neste apartado se inclúen méritos similares aos incluídos nalgúns dos apartados anteriores e non directamente relacionados coa actividade investigadora, terán necesariamente unha valoración inferior á do apartado de mérito similar.

1.5. - Actividades que fomentan o uso do galego na investigación.

Méritos incluídos: Consideraranse neste apartado os méritos e actividades que se realizan e que fomentan a utilización do galego na investigación. Poderanse incluír méritos de calquera dos tipos anteriores sempre que se efectúen en lingua galega ou teñan como finalidade a potenciación do seu uso. Teranse en conta a organización de eventos científicos en lingua galega, a realización de teses doutorais e outros traballos de investigación en galego etc. Exclúiranse destas valoracións as achegas na área de Filloxía Galega que forman parte do normal desenvolvemento da actividade investigadora deste área

Xustificación: Xustificaranse de igual xeito que os méritos similares incluídos nos apartados anteriores.

Indicios de calidade: Utilizaranse os mesmos indicios de calidade que nos apartados similares anteriores. Valorarase a calidade intrínseca do mérito.

2. - Actividade de transferencia e divulgación de coñecemento (máximo 4 méritos).

2.1. - Transferencias tecnolóxicas

Méritos incluídos: Consideraranse neste apartado os contratos, convenios e encargos con empresas que supoñan unha transferencia de tecnoloxía desenvolvida

previamente polo/a solicitante ou o seu equipo. Tamén se considerarán neste apartado¹ os contratos coa Administración que supoñen transferencia de coñecementos derivados da investigación e os contratos con editoriais para a dirección científica de coleccións ou outros traballos editoriais que necesitaren o concurso de expertos.

Xustificación: Copia dos documentos que acrediten a transferencia de tecnoloxía, indicando empresa á que se efectúa a transferencia e descrición da tecnoloxía transferida. Copia dos contratos asinados coa Administración ou as editoriais. Non se considerará neste apartado a mera prestación de servizos.

Indicios de calidade: Terase en conta a importancia da transferencia realizada, a relación coa empresa, a participación da empresa e as funcións e actividade do/a solicitante.

2.2. - *Patentes recoñecidas internacionalmente.*

Méritos incluídos: Consideraranse unicamente as patentes que tiveren concedido o seu rexistro internacional. Poderanse ter tamén en conta as patentes que se atopan licenciadas ou en fase de explotación.

Xustificación: Copia do documento oficial de rexistro e concesión.

Indicios de calidade: Terase en conta o ámbito do rexistro, o número de países en que está recoñecida, o posible interese de empresas, a fase en que se achar a súa execución etc.

2.3. - *Dirección/Participación en contratos con empresas.*

Méritos incluídos: Valorarase o desenvolvemento mediante contratos con empresas de traballos de investigación e desenvolvemento en aspectos relevantes dos campos científicos ou socioeconómicos en que interveñen as empresas ou institucións participantes.

Xustificación: Copia do documento oficial en que se plasme o convenio, no que conste, polo menos: participantes, ámbito, institución que o concede, asignación económica, data de concesión e período de vixencia.

Indicios de calidade: Terase en conta o tipo de convenio, a finalidade, a relación e implicación da empresa e as funcións e participación do/a solicitante.

2.4. - *Comisario de exposicións de importancia estatal ou internacional*

Méritos incluídos: Terase en conta a realización de exposicións que pola súa temática e difusión teñan repercusión nacional ou internacional.

Xustificación: Certificado oficial da institución, copia do catálogo en que figure o nome do comisario, o organismo organizador e participantes.

Indicios de calidade: Valorarase a temática, importancia e ámbito de influencia da exposición, así como as institucións organizadoras e/ou participantes. Achegaranse evidencias que permitan considerar a exposición como de ámbito nacional ou internacional

2.5. - *Informes relevantes.*

Méritos incluídos: Valorarase a realización de informes para empresas ou institucións en aspectos relevantes dos campos científicos ou socioeconómicos.

¹ Recollido de "Criterios para valorar a investigación en Humanidades", elaborado por un grupo de traballo coordinado pola FECYT e a ANEP.

Xustificación: Documento oficial da institución ou empresa solicitante do informe. Copia do índice e as conclusións, se as tiver.

Indicios de calidade: Terase en conta a importancia do informe realizado, a empresa ou institución solicitante, as funcións e actividade do solicitante.

2.6. - *Estudos relevantes para o desenvolvemento social, económico, científico e cultural de Galicia.*

Xustificación: Documento oficial da universidade ou organismo. Copia do índice e as conclusións, se as tiver. Acreditación das implicacións para o desenvolvemento de Galicia.

Indicios de calidade: Terase en conta a importancia do estudo e a repercusión no desenvolvemento de Galicia, así como as funcións e actividade do solicitante. Deberanse achegar indicios que acrediten a relevancia e importancia do estudo.

2.7. - *Creación de empresas de base tecnolóxica que supoñan transferencia de tecnoloxía.*

Méritos incluídos: Valorarase o nivel de desenvolvemento da empresa e o nivel de implicación do/a solicitante tanto na constitución como no desenvolvemento tecnolóxico que deu lugar á súa creación.

Xustificación: Copia do documento oficial en que consten: socios fundadores, constitución da empresa, obxectivos e ámbito de desenvolvemento.

Indicios de calidade: Terase en conta o campo de actividade da empresa, período de actividade desta e a participación e funcións do/a solicitante.

2.8. - *Divulgación do coñecemento*

Méritos incluídos: Considérase divulgación do coñecemento² a contida en publicacións cuxo obxectivo non é comunicar os resultados da investigación á comunidade científica, senón facelos accesibles -sen renunciar á calidade- a un público informado, mais non necesariamente especialista na materia, e cuxa finalidade é achegar á sociedade os temas de investigación. Neste apartado poderanse incluír a realización de grandes obras enciclopédicas, proxectos socioeconómicos rexionais, recompilacións e revisións de temas científicos, etc. e outros procesos de divulgación do coñecemento.

Xustificación: Copia da portada e título, autores/as, créditos do libro (editorial, ISBN, depósito legal etc.) e índice. No caso de capítulos, engadirase unha copia da primeira páxina do capítulo. No caso de artigos de revistas de divulgación, copia da primeira e última páxina do artigo, así como copia do índice do número ou volume e do ISSN da revista.

Indicios de calidade: Terase en conta para a valoración das obras de divulgación a editorial que as publica, a existencia dun proceso de selección rigoroso por parte da entidade editora, a opinión que merecen en recensións e citas autorizadas e, con carácter adicional, os datos relativos á súa difusión a través da presenza en repertorios bibliográficos ou catálogos de bibliotecas.

2.9. - *Conferencias e cursos de divulgación científica*

² Definición do documento "Criterios para valorar a investigación en Humanidades", elaborado por un grupo de traballo coordinado pola FECYT e a ANEP. CEC.07.CM -20/06/2008

Méritos incluídos: Inclúiranse *conferencias, xornadas e cursos* que trataren de divulgar as actividades científicas.

Xustificación: Copia do programa en que figuren os obxectivos, entidade organizadora, duración e participación e función do solicitante.

Indicios de calidade: Terase en conta o impacto da actividade divulgativa, os destinatarios e a duración e relevancia da actividade do/a solicitante nesta.

2.10. - Outros méritos de transferencia e divulgación do coñecemento

Méritos incluídos: Inclúiranse neste apartado as actividades de transferencia e divulgación que non puideren ser encadradas noutras epígrafes.

Xustificación: Copia do documento oficial en que conste, polo menos: tipo de actividade, participantes, ámbito, actividades a desenvolver e institución en que se realiza.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a importancia da transferencia ou divulgación realizada.

2.11. - Actividades que fomentan o uso do galego na transferencia e divulgación do coñecemento

Méritos incluídos: Consideraranse neste apartado os méritos e actividades de transferencia e divulgación que se realizan e que fomentan a utilización do galego. Poderase incluír calquera dos méritos anteriores sempre que se efectue en lingua galega ou teña como finalidade a potenciación do seu uso. Teranse en conta a realización de acordos editoriais en galego, acordos con empresas para implantar ou realizar actividades en lingua galega, a divulgación do coñecemento en lingua galega etc. Exclúiranse destas valoracións as achegas na área de Filoloxía Galega que forman parte do normal desenvolvemento da súa actividade de transferencia e divulgación desta área.

Xustificación: Xustificaranse de igual xeito que os méritos similares incluídos nos apartados anteriores.

Indicios de calidade: Utilizaranse os mesmos indicios de calidade que nos apartados similares anteriores. Valorarase a calidade intrínseca do mérito.

ANEXOS**ANEXO I: MÉRITOS DA ACTIVIDADE DOCENTE****(Período 2003-2007)**

	Porcentaxe máxima: por ítem	Porcentaxe máxima: por tipo
1. -Creación de materiais docentes para a docencia universitaria: libros, capítulos de libros, separatas, artigos, traducións, sóftware e outros materiais para a docencia	20	30
2. -Implicación na mellora da actividade docente universitaria:		30
a) Coordinación de curso *	10	
b) Coordinación de titulación *	20	
c) Coordinación programas de doutoramento *	15	
3. -Participación en actividades de formación:		30
3.1 Actividades de formación docente		
a) Dirección de cursos de formación docente de, polo menos, 20 horas.	20	
b) Impartición de curso de formación docente	15	
c) Asistencia a cursos de formación docente	10	20
3.2 Actividades de formación investigadora	10	20
...a) Teses doutorais dirixidas **	15	30
...b) Impartición de cursos de formación de investigadores	15	15
4. - Actividades de prácticas externas e mobilidade		40
4.1. -Coordinación e titorización de programas de prácticas en empresas e institucións (regulados mediante convenios ou certificación de órgano colexiado académico). *	15	15
4.2. -Coordinación e titorización de proxectos de intercambio de estudantes: ERASMUS, ERASMUS MUNDUS etc. *	15	15
4.3. -Participación dos docentes en programas de intercambio internacionais e/ou interuniversitarios. *	20	
5. -Participación en actividades de innovación docente:		50
5.1 Proxectos subvencionados de innovación docente.	20	
5.2 Elaboración de guías docentes.	10	15
5.3 Utilización de plataformas virtuais.	10	10
5.4 Participación en proxectos docentes de implantación de ECTS.	15	15
5.5 Participación en programas piloto de implantación de EEES.	15	

5.6 Participación en comités de autoavaliación, comités externos de avaliación, comisións de normalización lingüística, comisións de avaliación do profesorado etc. de relevancia docente. *	15	
6. -Outras actividades relacionadas coa docencia:		40
6.1) Premios e distincións relacionados coa actividade docente.	15	
6.2) Convites a participar en actividades docentes.	15	
6.3) Redes docentes.	15	
6.4) Actividades de divulgación docente	15	
6.5) Outras actividades	15	
7. - Actividades que fomentan o uso do galego na docencia universitaria	***	***
8. -Valoración da actividade docente universitaria: opinión dos/as estudantes a respecto da docencia impartida polo profesorado.		20
Media superior á titulación e universidade	20	
Media superior á universidade	10	

* Sempre e cando o seu desempeño non for consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

** As teses de doutoramento poderán ser incluídas tamén como méritos investigadores. O solicitante poderá decidir incluílas na epígrafe de docencia ou na de investigación, pero en ningún caso poderán ser alegadas en ambas as dúas epígrafes polo mesmo solicitante.

*** Tendo en conta que neste apartado se poderán presentar méritos de diferente tipo (correspondentes a calquera dos apartados anteriores), o valor máximo será o que corresponda ao tipo de mérito alegado.

ANEXO II: MÉRITOS DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

(Período 2003-2007)

	Porcentaxe máxima: por ítem	Porcentaxe máxima: por tipo
1. - ACTIVIDADE INVESTIGADORA		80
1.1) Teses doutorais dirixidas **	15	30
1.2) Proxectos/Convenios con empresas e/ou institucións.		60
a) Dirección/Participación en proxectos competitivos de ámbito internacional.	30	
b) Coordinador Partner	20	

c) Dirección/Participación en proxectos competitivos de ámbito estatal.	20	
d) Dirección/Participación en convenios de ámbito internacional.	20	
e) Dirección/Participación en convenios de ámbito estatal ou autonómico	15	
f) Dirección/Participación en proxectos autonómicos	20	
1.3) Congresos: impartición de conferencias plenarias por convite.		20
a) Conferencia plenarias	15	
b) Simposio ou mesas redondas	10	
1.4) Organización da investigación:		40
a) Organización de eventos científicos e culturais de relevancia internacional (Comité organizador será unha institución internacional ou de composición internacional)	10	
b) Pertenza a comités científicos internacionais.	15	
c) Editor/a ou membro de comités de redacción de revistas de ámbito internacional.	15	
d) Editor/a ou membro de comités de redacción de revistas de ámbito nacional con difusión internacional.	15	
e) Organización/Dirección de expedicións científicas, escavacións arqueolóxicas relevantes, exposicións etc.	15	
f) Dirección/Participación en redes temáticas financiadas.	15	
g) Premios e distincións relacionados coa actividade investigadora.	15	
h) Outros méritos de investigación	15	
1.5) Actividades que fomentan o uso do galego na investigación	**	**
2. -TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN DO COÑECEMENTO		80
2.1) Transferencias tecnolóxicas	15	
2.2) Patentes recoñecidas internacionalmente.	25	
2.3) Dirección/Participación en contratos con empresas/institucións.	15	
2.4) Comisario de exposicións de relevancia estatal ou internacional	15	
2.5) Informes relevantes.	15	
2.6) Estudos relevantes para o desenvolvemento social, económico, científico e cultural de Galicia.	15	
2.7) Creación empresas de base tecnolóxica que supoñan transferencia de tecnoloxía.	20	

2.8) Divulgación do coñecemento	15	
2.9) Conferencias e cursos de divulgación científica	15	
2.10) Outros méritos de transferencia e divulgación do coñecemento	15	
2.11) Actividades que fomentan o uso do galego na transferencia e divulgación do coñecemento	***	***

** As teses de doutoramento poderán ser incluídas tamén como méritos docentes. O solicitante poderá decidir incluílas na epígrafe de docencia ou na de investigación, pero en ningún caso poderán ser alegadas en ambas as dúas epígrafes polo mesmo solicitante.

*** Tendo en conta que neste apartado se poderán presentar méritos de diferente tipo (correspondentes a calquera dos apartados anteriores), o valor máximo será o que corresponda ao tipo de mérito alegado.